

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO da contratación dos servizos da xestión dos residuos procedentes das construcións e demolicións efectuadas polo taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.*

1. Entidade que adxudica. Organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Número de expediente: 79.712-250.

2. Obxecto do contrato: os servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.

Lugar de execución: no termo municipal de Vigo.

Prazo de execución: 2 anos. Prórroga: unha prórroga dun ano de duración.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 181.818,18 euros. IVE que debe soportar a Administración: 18.181,82 euros. Orzamento total: 200.000,00 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org) (perfil do contratante). Teléfono: 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.



Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocio. Consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou posuír a seguinte clasificación: grupo R, subgrupo 5, categoría A. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas), que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, ou posuír a seguinte clasificación: grupo R, subgrupo 5, categoría A.

8. Presentación de ofertas. Prazo: o prazo rematará o 17 de xaneiro de 2018.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica. Entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.



Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Páxina web para obtención de información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 4 de decembro de 2017

O alcalde  
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)  
David Regades Fernández  
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: 0k35dkw6-jeh2-y9q9-61w6-irmw81knytw4

